

XIV certame de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos

Na presente edición deste certame literario presentáronse un total de nove traballos, un número moi por debaixo do que era habitual nas convocatorias anteriores que estaban nos 15-18 orixinais de media.

O xurado, despois de ler e avaliar os traballos presentados considerou por unanimidade -como se recolle na acta- que ningún dos orixinais acadaba os mínimos que se presuponían para un premio desta categoría: tres mil euros, unha escultura de Alfonso Costa e a publicación da obra. Que o certame poida quedar deserto é competencia exclusiva do xurado como se recolle nas bases do premio.

Os criterios esenciais que se teñen en consideración son lingüísticos, estilísticos, literarios, metaliterarios, de organización, coherencia e cohesión dos relatos, de léxico, sintácticos...

Cre o xurado que esta decisión, que aconteceu por vez primeira en catorce convocatorias, preserva o premio que vai asociado á evidente categoría literaria de Avilés de Taramancos e mesmo servirá de acicate para que os escritores e escritoras revisen e volven presentar os seus traballos literarios en sucesivas convocatorias.